

ALGUNHAS PUNTUALIZACIÓNS SOBRE FERNÁN PÉREZ DE ANDRADE, *O BOO* E SOBRE O PRIVILEXIO DE 1364 QUE LLE FOI CONCEDIDO POLO REI DON PEDRO I DE CASTELA

Xosé Francisco Correa Arias

Dende hai anos, sentinme impresionado polo indelével sinal que sobre a paisaxe destas terras deixou a familia dos Andrade e, particularmente, a figura de Fernán Pérez, *o Boo*. Por iso, primeiro en vídeo¹ e máis tarde por escrito, realicei unha serie de artigos, a maior parte publicados na revista *Cátedra*², intentando achegarme a estes próceres da nobreza galega. Profundando neste tema, en febreiro do 2004 publiquéi o traballo titulado, *Fernán Pérez de Andrade, o Boo. Mentalidade e realidade social*, un traballo que cualificaba de iniciático porque se trataba dun tema que estaba a investigar e que só unha serie de circunstancias remataron coa súa rápida publicación.

Pero, se ben, como dixen máis arriba, o traballo era iniciático, a medida que profundo nas investigacións sobre o tema, as hipóteses nel adiantadas - porque se trataba fundamentalmente de hipóteses - vense confirmadas, sobre todo aquelas que se referían ao contraste entre a mentalidade cabaleiresca que o primeiro señor de Andrade pregoaba e á actuación real do personaxe, que se nos antollaba contradictorio nos aspectos máis achegados á realidade material, algo que, por outra parte, era moeda corrente no seu tempo. Ese era o tema fundamental do traballo, a presentación dun personaxe visto á luz das contradicións entre a haxiografía oficial do protagonista e a realidade vital do cabaleiro.

En ningún momento se me pasou pola cabeza intentar unha historia desmitificadora ou iconoclasta do primeiro señor de Pontedeume cuxa envergadura nola recordan a cotío os numerosos vestixios da súa obra deixados na paisaxe do chamado *Magnus Golfus Atabrorum* que o converten nun protagonista da nosa historia con trazos de figura apaixonante.

Pero, loxicamente, se queremos que as investigacións históricas progresen, debemos explorar novas vías de estudo que superan as mitificadoras historias elaboradas ao azar do poder polos cronistas oficiais da monarquía fratricida dos Trastámara ou algo para min paradoxal, polos románticos historicistas do século XIX que viron en Fernán Pérez de Andrade, *o Boo*, un dos piares sobre os que se levantaba a súa concepción da identidade de Galicia, algo hoxe absolutamen-

1. Neste senso, entre outros, citarei o primeiro de todos eles que, se ben non versaba exclusivamente sobre o tema, este era un dos aspectos máis importantes que trataba: J.F. Correa Arias, *Pontedeume e o seu entorno*, ASPG, Pontedeume, 1987.

2. Ibidem, "A ponte do Ume I e II", *Cátedra*, 1993 e 1997.

te non só falso senón incluso contradictorio co percorrer político e vital do personaxe que, insisto, non era nin moito menos o único da súa condición en recorrer a este proceder.³

Pois ben, debido á escaseza de fontes documentais e, volvo insistir, debido a que o traballo por min publicado era só un anticipo dunha obra moito máis ambiciosa -en realidade todo traballo de investigación é o primeiro paso para outros traballos que o completan- fixeime sobre todo naqueles documentos que marcan a traxectoria pública e ideolóxica do noso protagonista, un deles, o *privilegio de Murviedro* de 1364, aventurando, sen meterme en profundidades, que neste privilegio había gato encerrado.

Unha vez chegados a este punto, correspóndenos explicar as causas deste curto exordio introductorio que non é outro que corrixir certos costumes que, ao meu entender, perturban o achegamento obxectivo a toda época e a todo personaxe histórico. É a miña obriga, como profesional do ensino e como esporádico historiador, poñer cinto a actitudes e incluso divulgacións que, ao meu entender, poden confundir máis que ensinar, sobre todo a aqueles que lles gusta ler traballos de historia sen estar moi informados dos procedementos historiográficos

No último número da revista Cátedra, apareceu un artigo titulado “Una nueva interpretación del privilegio de Pedro I, de 1364, concedido a Fernán Pérez III, mas conocido como O BOO”⁴, no que se alude ao meu traballo citado ao comezo destas liñas, “Fernán Pérez de Andrade, o Boo. Mentalidade e realidade social”⁵. A cita resulta un tanto sorprendente, non polo que se di ou deixa de dicir do privilegio de Murviedro -por outra parte o suposto obxecto do traballo- senón porque, se estamos algo familiarizados con publicacións deste tipo, dá a impresión de que a verdadeira hipótese de partida e conclusión de chegada non é outra que descualificar a golpe de pluma unha boa parte das premisas do traballo por min publicado.

Non obstante, quero advertir que non me parecen mal traballos nos que se opine de forma concordante ou disonante con obras xa publicadas, porque este tipo de artigos poden contribuír coa súa polémica a facer máis accesíbel e coñecidas facetas da nosa historia e a facer máis frutífera a investigación histórica, pero se están feitos desde o rigor historiográfico e pretenden un fin didáctico, non inquisitorial. As miñas obxeccións procedementais -logo falaremos das obxeccións

3. O ascenso de Fernán Pérez de Andrade III á categoría de gran señor de vilas, aldeas e lugares, coincide no tempo co fenómeno fatal para a historia de Galicia de reseñorialización da nosa terra rematando coas principais vilas e cidades galegas, as máis activas social e economicamente, baixo o dominio dos numerosos señores, leigos ou eclesiásticos xurdidos ao amparo da nova dinastía dos Trastámara, xurdida fundamentalmente co seu apoio, proceso que o nada sectario profesor García Oro cualificou de colonización. (Neste senso pódense consultar as obras: José GARCÍA ORO, *Galicia en la Epoca Medieval*, A Coruña 1991, vol 2 p 427; José GARCÍA ORO, “Los señoríos monásticos gallegos en la Baja Edad Media”, *Compostellanum*, 14 (1969), pp 545-622 ou, José GARCÍA ORO, “Galicia en la Baja Edad Media: Iglesia Señorío y Nobleza”, Santiago, 1977). Pola súa banda Salvador Moxó, nos seus numerosos traballos sobre a nobreza (*Feudalismo, señorío y nobleza en la Castilla Medieval*. R. A.H, Madrid, 2000, ou, “ De la Nobleza Vieja a la Nobleza nueva”, *Cuadernos de Historia*, Anexos) cualificou este grupo nobiliario de nobreza nova ou nobreza dos cabaleiros insistindo na idea de voracidade desta nobreza nova, algo que corroboran estudos máis recentes como os de Marie Claude GERBET, *Las noblezas españolas en la Edad Media, siglos XI-XV*, Alianza Universitaria, 1997 (París, 1994).
4. Carlos de CASTRO ÁLVAREZ, “Una nueva interpretación del privilegio de Pedro I, de 1364, concedido a Fernán Pérez III, mas conocido como O BOO”, *Cátedra*, Pontedeume, 2005, pp. 261-185.
5. José Francisco CORREA, *Fernán Pérez de Andrade, o Boo. Mentalidade e realidade social*, I premio de investigación de Historia de Galicia, 2003, febreiro de 2004.

científicas- atópanse no transfondo inquisitorial do artigo concentrándose sobre todo na primeira páxina do citado traballo⁶ no que se enumeran en só cinco liñas -¡que economía de traballo, e de espazo...!- unha serie de agravios contra a persoa do primeiro gran señor de Andrade: Maquiavelo *Avant la lettre*, chaqueteiro, traidor e asasino, por dicir algúns dos cualificativos máis significados que se desprenden do ton paradoxalmente descualificador do artigo, desligado intencionadamente do seu título e do seu suposto tema de investigación para se introducir nun camiño de augas pantanosas, para min difícil de explicar e que non sei moi ben a onde conduce por se situar fóra do contexto ao que o mesmo autor se refire. A actitude máis cómoda e, ao mellor, a máis práctica, sería adoptar a miña actitude habitual, non darse por aludido, pero non obstante creo que é máis honrábel, e en todo caso consecuente, defender as posicións adoptadas, sobre todo se a alternativa non me parece acertada.

E digo isto porque, como exemplo, paradigma e arquetipo de supostos historiadores que usan os cualificativos citados no parágrafo anterior e que, segundo o citado autor, *caen en la tentación de ver galeones entre los bancos de niebla*, cítase exclusivamente -a única vez en todo o artigo pero que está presente na súa totalidade- a miña publicación sobre Fernán Pérez de Andrade. Teño que recoñecer que a metáfora *dos galeóns entre os bancos de néboa* gústame, aínda que sexa unha frase historiográfica moi usada. Eu, particularmente, son máis afecto a aquela frase de Marc Bloch⁷ que os seus discípulos e continuadores do grupo de *Annales* repetían con frecuencia para referirse aos historiadores positivistas ou afíns que manexaban os fontes historiográficas sen sometelas a unha análise crítica que separara o verdadeiro do falso, dos que dicían que *as árbores non lles deixaban ver o bosque*, querendo dicir con esta frase que, normalmente, na historia, como na vida mesma, das solucións posíbeis, a que sempre se achega máis á verdade é a máis doada e a máis lóxica, nunca a máis enrevesada.

Por todo o arriba exposto e antes de introducírmonos no privilexio de 1364, imos aclarar o que entendemos algúns, honesta e rigorosamente, polos supostos galeóns fantasmagóricos que o meu estudo -ignoro se tamén se refería a outros- sobre Fernán Pérez de Andrade, *o Boo*, quixo ver onde só había néboa, segundo o autor do citado artigo.

ALGUNHAS PRECISIÓNS SOBRE A FIGURA DE FERNÁN PÉREZ DE ANDRADE, O BOO

É verdade que afirmei que no proceder e na evolución mental de Fernán Pérez de Andrade, amósanse trazos dun Maquiavelo *avant la lettre*, unha afirmación en absoluto pexorativa desde o punto de vista historiográfico, xa que vén a significar o *triumfo prerrenacentista do individualismo sobre as concepcións teocráticas e universalistas da Idade Media*, en paralelo a outros fenómenos como son a valoración do ser humano en todas as súas dimensións á marxe dos convencionalismos medievais, entre eles dos relixiosos. Fernán Pérez de Andrade, como outros nobres e cabaleiros do seu tempo, amosa unha clara tendencia a perpetuar a súa figura poñendo o seu nome nas obras

6. Carlos de CASTRO ÁLVAREZ, *Ibid*, p. 261.

7. M. BLOCH, *Introducción a la historia*, (París, 1949), México 1952, PP. 65 e ss.

-tanto plásticas coma literarias- por el emprendidas⁸. Ese mesmo afán prerrenacentista, como noutros moitos nobres do seu tempo, amósanola para engrandecer e perpetuar a súa liñaxe sen importarlle demasiado, tamén como a outros nobres e cabaleiros do seu tempo, os convencionalismos de tipo político e a mentalidade cabaleiresca, algo que xa apuntaba o propio Murguía, un admirador da Casa de Andrade, cando recoñecía o seu carácter contradictorio que este autor cualificaba como dun *egoísta generoso*⁹ capaz de grandes actos filantrópicos a carón de actos de recoñecido latrocinio. No mesmo senso abunda o xenealoxista Jesús Crespo Pozo¹⁰.

Esta realidade está perfectamente constatada na documentación dispoñíbel e é incontestábel¹¹, o que o asemella en certos aspectos aos *condottieros* italianos de finais de Idade Media que, por unha banda, practicaban en política o principio de que “o fin xustifica os medios” e, por outra, gastaban grandes fortunas en protexer a arte e a cultura e en realizar grandes obras públicas e/ou relixiosas amén de presentarse como grandes cabaleiros cristiáns.

Este mesmo proceder é evidente na conducta de Fernán Pérez de Andrade, nas súas actividades privadas, pero tamén, sen que sexa un modo de proceder exclusivo deste personaxe, amosa as mesmas teimas nos asuntos políticos e cabaleirescos. A diferenza estriba en que, no eido político, esa conducta está moito menos documentada porque Fernán Pérez de Andrade, polo menos até 1371, é un fidalgo “segundón”, cualificado de *escudeiro* até 1369¹², do que poucas veces a crónicas se fan eco. Pero aínda así, é evidente que acomoda a súa conducta ás necesidades prácticas, e aquí entramos noutro dos temas controvertidos, os continuos cambios de alianzas do noso protagonista Andrade.

OS CAMBIOS DE ALIANZAS POR PARTE DE FERNÁN PÉREZ DE ANDRADE

As primeiras mostras do temperamento de Fernán Pérez de Andrade dánolas Vasco de Aponte cando afirma, referíndose ás mofas que Fernán Pérez lle facía a Gil Rodríguez del Lago: ***“y que Fernán Pérez de Andrade o boo que se atrevía a facerle befas, y que el juntaba gran gente y que fuera a çercar la casa de Ruy Freyre das Mariñas, que tenía fortaleza por casa; y como éste***

8. Neste senso ver o traballo de catedrático da Universidade de Santiago NÚÑEZ RODRÍGUEZ, “El sepulcro de Fernán Pérez de Andrade en San Francisco de Betanzos como expresión de una individualidad y una época”, *Bracara Augusta*, XXXV, 1981, pp 397 e ss

9. Malia o cualificativo, Murguía fala de Fernán Pérez como afeccionado á poesía, aos libros de cabalerías, sobre todo aos de ficción cabaleiresca dos que coleccionou algúns e mesmo mandou copiar a “Crónica Troyana”. Na súa época, coñécese en Galicia lendas cabaleirescas do ciclo bretón, incluso fábase da tradución galega do Amadís de Gaula composto entre 1367 e 1383 en Galicia ou Portugal por Vasco de Lobería dunha familia galega na que houbo varios poetas, segundo o cronista portugués Gomes Eanes de Azurara. (Manuel MURGUÍA, *Galicia*, Barcelona, 1888, p 1162).

10. J. CRESPO POZO, *Blasones y linajes de Galicia*, Santiago, 1962, T.II, p.76.

11. Non procede neste traballo cansar o lector cunha innumerábel ringleira de feitos filantrópicos como a fundación do convento de Montefaro, de ordinarias maquinacións para presionar ao bispo de Mondoñedo apoiando aos clérigos de Trasancos contra el ou impoñendo aos veciños de Brión e de coutos próximos gravames ilegais e, a xuízo destes, inxuriosos, amén das usurpacións practicadas contras os mosteiros de Caaveiro, Monfero ou Sobrado.

12. No contexto ao que nos referimos, esta palabra alude a un fillo dun cabaleiro -no caso de Fernán Pérez, de Rui Freire de Andrade- que non foi armado cabaleiro segundo os rituais da época, pero tamén aos membros da nobreza dos fidalgos moitos dos que xamais entraba na categoría dos cabaleiros.

lo vio sobre sí de aquella manera que le tomara gran miedo, diçiendole él que luego le diese su hijo, y que le dijera que su hijo no estaba dentro..."

O fragmento proba por unha parte que o noso protagonista, malia ser un fillo “segundón”, xa destacaba pola súa forte personalidade, pero esta non aparece radiante desde a perspectiva cabaleiresca xa que, a vulgar polo fragmento, dá a impresión de que rexeita o enfrontamento directo con Gil Rodríguez de Lago malia que este o deixa ameazado, algo contrario ao concepto de *honra* cabaleiresca. Esta foi unha constante ao longo da súa vida, utilizar a forza ou a astucia cando fora necesario para cumprir os seus cometidos co fin dunha sempre segura supervivencia e, neste aspecto por moito que inventemos, malia os matices, coinciden ou autores que sobre o personaxe escribiron.

Pero se ben o fragmento de Vasco de Aponte é unha mostra da forte personalidade de Fernán Pérez *o Boo*, non pasa de ser unha simple anécdota interpretábel; por outra parte, de xeitos diferentes, hai unha morea de situacións nas que cabe algo máis que a dúbida sobre o comportamento do noso personaxe.

A primeira gran decisión á que ten que enfrontarse Fernán Pérez acontece no contexto do conflito entre a gran nobreza liderada polos bastardos de Afonso XI, contra o rei Pedro I entre 1354 e 1356, data esta última na que o de Andrade recibe o 12 de abril de 1356 en Monforte de Lemos, da mans do príncipe bastardo, Henrique de Trastámara, unha doazón na que se contén a freguesía de *Santa María de Reçemel, e otrosy la hetredad de O Rego, que es en la felegresia de Santa María de Oleda y de San Nicolás*.¹³

Esta doazón de Monforte a Fernán Pérez, *o Boo*, limita a posición do de Andrade, quen ao recibir unha doazón dun fuxitivo, rebelde por outra parte contra o rei, colócase en aberta contradición coa lealdade que todo cabaleiro, neste caso escudeiro, lle debe ao soberano do cal en todo caso é vasalo¹⁴. A posición do de Andrade é contradictoria porque en momentos de conflito se decide pola lealdade ao señor inmediato que o premia coa doazón fronte ao señor natural, o rei, ao que, segundo as *Partidas*, e os mesmos estatutos da orde de *La Banda*, á que pertencía o pai do *Bóo*, Rui Freire de Andrade, está de todos os xeitos obrigado¹⁵. Aínda que supoñamos que Henrique de Trastámara ten un salvoconduto do rei para fuxir dos territorios da Coroa de Castela¹⁶, o feito de

13. AH Salazar, M-48, fol 100v-101r copia. Edi José García Oro, *Don Fernando de Andrade*, Conde de Villalba, Santiago 1994, p 203. Cit. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Sta A. M. Iglesia de Santiago*, Santiago, 1903, p. 147. Transcrición parcial en COUCEIRO FREIJOMIL, (*Historia de Pontedeume...*, Pontedeume, 1995, p 118) citando a Juan Catalina García (*Castilla durante los reinados de Pedro I, Enrique II, Juan I y Enrique III*, Vol I, apéndice nº 3, p 149) quen atribúe este privilexio erroneamente a Pedro I quen naquel momento non podía estar en Monforte de Lemos, porque, despois de tomar Toro e Palenzuela fai un torneo en Tordesillas e, inmediatamente, decide iniciar a guerra con Aragón. (Pedro LÓPEZ DE AYAL, *Crónicas*, Edición de José Luis Martín, Barcelona, 1991; “Crónica del rey don Pedro”, ano VII, capítulos II, III e VII, pp 164 a 169).

14. José Francisco CORREA ARIAS, *Fernán Pérez de Andrade, o Boo. Mentalidade e realidade social*, pp. 107 e ss.

15. *Partidas*, 2, 21, 9.

16. A situación de rebelde e fuxitivo do Príncipe Bastardo aparece clara na carta datada en Coria o 20 de abril de 1355 ao bispo lexitimista, D. Pedro, na que se lle indica que axude aos cabaleiros lexitimistas Alvar Pérez de Castro, Juan Fernández de Bolaño, Andrés Sánchez Grés, meiriño maior de Galicia, e Lope Pérez de Montaos e outros cabaleiros vasallos seus que están a punto de chegar a Lugo para defender a cidade conta os sublevados capitaneados po Henrique de Trastámara e

que o de Andrade aceite a doazón que o vincula en réxime de vasalaxe co de Trastámara, colócao nunha posición senón de franca oposición ao rei, polo menos de franca ambigüidade, se queremos ser indulxentes co personaxe en cuestión. Pensemos que as leis de Castela castigan severamente aos que se rebelan contra o rei¹⁷ e, especialmente, aos que abandonan as empresas encargadas polo rei como Henrique de Trastámara que, despois que o rei lle perdoara un dos seus innumerábeis actos de rebeldía, lle outorga o privilexio de defensor da fronteira segundo afirma o cronista Ayala¹⁸; porque, o Bastardo, non só era rebelde contra o rei lexítimo senón que, despois da morte de Luís Afonso de Alburquerque, era o xefe da rebelión nobiliaria que intentaba revitalizar en Galicia atraendo ás súas posicións ao xa reconciliado co rei, Fernando Ruíz de Castro, como o propio Ayala nos conta.

A situación política da Coroa de Castela castigada cunha innumerábel ringleira de minorías e as súas correspondentes rexencias -que se disputan os membros da gran nobreza- leva unha persistente febleza da Monarquía, o que contribúe a ser máis permisiva coas constantes rebelións nobiliarias que buscan consolidar privilexios adquiridos e acadar outros novos. Estes continuos actos de rebeldía por parte de certos sectores da nobreza teñen unha explicación moi sinxela: a crise económica, o recente centralismo e autoritarismo dos reis xunto coa indisimulada puxanza dos concellos, levan á nobreza a unha guerra aberta na defensa dos seus intereses interpretando -ou simplemente ignorando- as leis e o proceder cabaleiresco de forma interesada, formando avinzas para non ser castigados. Como Estevo Fernández de Castro, rebelde contra Afonso X, actitude pola que este rei o reprende desta maneira: *partistes vos dél sin razón e sin derecho, e sin fuero, e ides de deservir con el mayor enemigo que él ha. E vos desaforades el reino, e en daño de los reinos donde avedes la naturaleza, e afrontávos de parte del rey e del reino que lo non fagades.*¹⁹

Pero non nos esquezamos, non todos os nobres eran traidores ao rei nesta época de continua mudanza. En todos os reinados que tiveron que afrontar este tipo de actitudes, houbo nobres e incluso familias nobiliarias enteiras que se distinguiron pola lealdade ao Rei fronte ao oportunismo sen escrúpulos dunha parte da nobreza. No caso do rei Pedro I, contou coa inquebrantábel lealdade de moitos nobres, entre eles os galegos don Fernando Ruíz de Castro²⁰, o seu irmán Álvaro,

Fernando de Castro (AC de Lugo, lib 10/39 *Libro del Becerro Nuevo de la Catedral de Lugo* do 2 de Maio de 1355. Rex Sánchez Belda, opus cit, doc nº 1148. No mesmo senso, ver: Cesar VAAMONDE LORES, *Colección de documentos Históricos de Galicia*, BRAG, copia do AMB.T. I-A, Coruña 1915 pp 77/78. Máis referencias en: José GARCÍA ORO, "La ciudad de Lugo y la Iglesia en la Baja Edad Media", *Lvcensia*, nº 3, Lugo 1991, p 69 ou Juan CATALINA GARCÍA, "Castilla y León durante los reinados de Pedro I, Enrique II, Juan I y Enrique III", en *Hª General de España* Madrid, 1983, T I, p 460).

17. "Onde dezimos que el primero acorro deue seer al cuerpo del rrey, e esto puede seer en dos maneras: ca o deuen acorrer al rrey ssi los henemigos le vienen dar batalla en ssu tierra, o desque ffuer dentro en la batalla. E para acorrerle quando los henemigos le vienen dar batalla dentro en ssu tierra, deuen venir todos ssus vassallos e sus naturales por derecho e por naturaleza..." (Espéculo 3,5,7).

18. "Que los que el rrey pussiere para tener ffrontera en algunt logar, non sse deuen toller dende ssin ssu mandado" (Espéculo, 3, 3, 1)

19. *Crónica de Alfonso X*, Cap. XXXIII, 28.

20. Se ben Fernando de Castro participou inicialmente na rebelión de 1354, fíxoo en parte por un motivo xustificable desde a perspectiva cabaleiresca: o matrimonio enganoso por parte do rei con súa irmá á que deseguida abandonou. Por este motivo, o de Castro, segundo o proceder cabaleiresco, desnaturalizouse de Castela, o que o desligaba de toda obediencia ao Rei. Posteriormente reconciliouse con Pedro I e incluso rexeitou o matrimonio con dona Xoana, irmá do de Trastámara, matrimonio que xa se realizara e que utilizaran os rebeldes para atraer a don Fernando de Castro ao seu bando.

Men Rodríguez de Sanabria Gómez Pazos de Probén ou Gonzalo Ozores de Ulloa que, con outros moitos, seguiron apostando polo lexitimismo incluso despois da morte do rei Pedro, rexeitando os ofrecementos de conciliación ofrecidos polo de Trastámara, e perdendo pola súa lealdade, títulos e propiedades, posteriormente usurpados polos triunfadores da guerra civil, entre eles o de Andrade.

Dicir polo tanto que o de Andrade non foi partidario de Henrique de Trastámara arredor do ano 1356 cando recibe, no contexto de rebelión nobiliaria de 1354 a 1356, a doazón de Monforte, é cando menos ousado tendo en conta que é un dos datos que temos perfectamente documentado. E con isto non quere dicir que o de Andrade, neste momento, fora declaradamente antipetrista senón que, coma os seus antepasados Andrade, ven no conde de Trastámara o seu xefe natural, a vía para incrementar un patrimonio non moi longo. Neste caso parece que o vínculo feudal inmediato pode máis que o vínculo político que todo fidalgo debe ao seu monarca lexítimo.

En todo caso é evidente que está con el en Monforte e moi posibelmente facilita a súa fuxida sabendo ademais que as ordes concretas do rei invalidaban o suposto²¹ salvoconduto de que, segundo Ayala, dispoñía. Por outra parte, a rebelión dun señor, como poderíamos considerar ao príncipe bastardo, leva consigo a rebelión dos seus vasalos sempre e cando estes secunden a actitude citada.

A ausencia do Trastámara a partir de 1356, a reconciliación de Fernando de Castro co rei²², facilitarían o achegamento -non reconciliación xa que o de Andrade era un *simple escudeiro*- con Pedro I como outros moitos señores, escudeiros e cabaleiros dos que o propio Ayala nos informa, á par que pouco a pouco vai denigrando a figura do Rei, acentuado os aspectos sanguinarios e incluso tétricos dos seus asasinatos mentres pasa por encima ou cita de pasada os crimes dos seus inimigos.

É entón evidente que Fernán Pérez de Andrade estivo cos sublevados e, polo menos entre 1354 e 1356, con Henrique de Trastámara²³ situándose nunha posición, se non de franca rebeldía, cando menos de ambigua lealdade á legalidade monárquica e aos principios da lealdade cabaleiresca que os nobres, fidalgos e *ricoshomes* pregoaban. Só a tradicional dependencia dos Trastámara e vasalaxe inmediata ao seu conde mitigan esta posición de ambigüidade que, por outra parte, foi

21. O príncipe bastardo Henrique de Trastámara escapa de Toro cando o rei Pedro logra controlar as forzas que o tiñan case prisioneiro nesta vila, para intentar revitalizar a loita contra o rei lexítimo; a iso viaxa a Monforte. Non hai moitos visos que apunten a un posíbel acordo co seu medio irmán para que lle facilitase o suposto salvoconduto co que poder exiliarse, de forma que a afirmación de Ayala, ao meu entender, é cando menos discutíbel.

22. Dado que, desde principios do século XIV, o título de Conde de Trastámara acostuma a recaer en personaxes de estirpe real, en ausencia da súa persoa, a casa dos Castro de Lemos cumpre as funcións dunha certa xerarquización da nobreza galega, asegurando a presenza dela na Corte e, por ende, posibilitando a promoción da mesma como se amosa en 1332 cando Don Pedro de Castro arma cabaleiros a 13 galegos entre os que estaba o pai de Fernán Pérez de Andrade, o Boo. (Anónimo, *Gran Crónica de Alfonso XI*, Edición de Diego Catalán, Seminario Menéndez Pidal, Madrid 1976, T. I, Cap CXXII, p 512-13 . Tamén se pode consultar para unha información máis depurada: Alfonso de Ceballos-Escalera y Gila, *La Orden y Divisa de la Banda Real de Castilla*, 1ª edición, Madrid, 1993, p 32. Cit, J Francisco CORREA ARIAS, *Op. Cit.*, p. 38)

23. Fernán Pérez de Andrade, o Boo, non recibe só os beneficios de Reçemel en 1356, senón que, por eses anos casa con Sancha Rodríguez, sobriño do arcediago de Trastámara, polo tanto subordinado do conde Henrique. Este matrimonio posibilitou que o noso protagonista accedera a amplos beneficios en Neda e no couto de Monfero no que se fixo coa encomenda que hereda de seu sogro, unha proba máis da proximidade ao de Trastámara (Para máis información ver: José Francisco CORREA, *Op. Cit.*, pp 76 e ss.

algo permanente non só durante a súa vida, senón tamén, e agás a figura de Diego de Andrade, unha constante da súa familia, máis interesada en consolidar e engrandecer a súa casa que en aumentar o prestixio cabaleiresco e nobiliario da liñaxe, o que os nobres consideraban *honra e dignidade*, e en servir fielmente ao seu rei e ao seu reino.

OUTROS “PERCANCES” DUBIDOSOS ENTRE 1356 E 1386

Nos anos posteriores, abonda a documentación alusiva ás actividades privadas de Fernán Pérez de Andrade, o *Boo*, pero escasean as noticias relativas á súa actividade política. Isto é así ademais de por motivos de tipo técnico, pola posición social do de Andrade que, aínda que relevante a nivel local, non deixa de ser un simple escudeiro como vimos repetindo con certa reiteración. As poucas noticias que desa actividade temos, aluden de novo á súa ambigua lealdade aos señores aos que serve. Do pouco que sabemos neste aspecto, vemos o noso personaxe como petrista participando da man de Fernando de Castro na guerra contra Aragón, contexto no que recibe en 1364, o *privilexio de Murviedro*, documento ao que nos referiremos máis adiante como parte esencial deste artigo, que non pretende só defender a viabilidade dos nosos postulados historiográficos senón tamén, a luz das fontes historiográficas, eliminar vellos prexuízos e posicións inquisitoriais.

Desde a súa posición de *petrista* sen fisuras, como o vemos no privilexio de Murviedro, Fernán Pérez aparece deseguida como *henriquista*. Non sabemos moi ben cando se produce o cambio de alianzas, posibelmente en 1365 no contexto da desfeita petrista en Aragón e da caída de Murviedro en mans de Pedro IV e do seu aliado Henrique de Trastámara quen promete respectar vidas, facendas e *privilexios* dos que se pasen ao seu bando.

Máis adiante, a tradición fala de que o de Andrade está en Lugo en 1366, ao lado de Henrique II e contra o *petrista* Fernando de Castro, pero será a principios de 1369 cando teñamos constancia documental que o de Andrade é rebelde contra o rei lexítimo Pedro I. O 20 de xaneiro de 1369, o arcebispo de Santiago, Don Rodrigo de Moscoso, empraza os cabaleiros e escudeiros que teñen terras e prebendas da Igrexa de Santiago a que acudan en defensa do Rei. Entre os emprazados, figura o escudeiro Fernán Pérez de Andrade o que nos amosa claramente que non acudía ao citado requirimento que xa era reiteración doutros anteriores -“*Vos non lo quisistes hacer*”- di o documento aludindo aos reclamos non atendidos²⁴- porque estaban comprometidos cos *henriquistas*.²⁵ Desde entón, o de Andrade aparece claramente identificado cos Trastámara dos que, como sabemos, recibe extensas e importantes doazóns, máis propias dun *rico-home* que dun simple fidalgo de provincias, despois da morte de Don Pedro, acaecida na noite do 22/23 de marzo do mesmo ano.

Queda entón meridianamente claro que o de Andrade deixa a lealdade ao seu Rei, Pedro I, e sitúase sen lugar a dúbida ningunha no bado do futuro rei fratricida, Henrique de Trastámara. Hai entón un cambio claro de alianzas, xa perceptíbeis no 1356 pero agora claramente constatadas.

24. José GARCÍA ORO, *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia Señorío y nobleza*, Santiago, 1977, p 41. 25. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia...* Apéndice, nº 29, T. VI, pp 135-138

Que outros nobres o fixeron tamén, é verdade, pero tamén os houbo que se mantiveron leais mantendo os principios da *honra* cabaleiresca que a monarquía lexítima encarnaba.

Pero non rematan aquí as ambigüidades de Fernán Pérez, o *Boo*. Hai episodios que nos desvelan ao seu carácter receoso e excesivamente cauto no que se refire ao tema das lealdades.

Cando, en 1384, no contexto da guerra de sucesión de Portugal entre Xoán de Avis e Xoán I de Castela, os portugueses asolan as costas galegas²⁶, Fernán Pérez de Andrade acode á defensa de Betanzos que asediaba Pedro Enríquez de Castro, conde de Trastámara e sobriño do rei de Castela ao que había traizoado. A teor do texto de Fernão Lopes, todo parece indicar que a defensa da cidade brigantina consistiu máis nunha nova avinza co conde rebelde²⁷ que un enfrontamento bélico, o que non impediu que a historiografía consagrara ao de Andrade como o gran defensor da vila betanceira. Eis o que nos di o cronista lusitano: “... e foronse a Betanços, boa vila castellada, por quanto ouverom novas que estavam hi alguías naaos con artefijos de combater villa que hiam pera Lixboa; e acharon huía nao carregada demgenhos que hia pera arreall, e posenromlhe o fogo;... ; e estando **em ponto a tomar** (A vila de Betanzos), **e os da vila tão aficados que ja começavam desmparar os muros, o conde D. Pedro que por capitão ia, madou dar nas trombetas bradando que se afastassen afora, dizendo que não era bem morrerem ali alguns por tomarem um tal lugar como aquele; mas que se preitejasse que, se lhe em outro dia não viesse acorro, que lhe foie entregue sem outra contenda. Esto fizeram os portugueses de mui má mente, tomando desto não Boa sospeita.**

*Em essa noite veo Fernam Perez dAndrade com tanta gente e se lançou no lugar, que foi escusada a preitesia; disto foi muito prasmado i Conde, dizendo que porque elle sabia deste acorro que avia de viir aos da vila, que por tanto lhe dissera que non combatessen mais, fazendolhe emtemder que mais seguro era de lhe dar espaço, que o tomarem per força.*²⁸ Como sempre a postura do de Andrade deixa espazo para as dúbidas, neste caso escasas por certo, incluso en etapas da súa vida nas que se lle supón absolutamente fiel aos Trastámara, conducta a súa non excesivamente extraordinaria en épocas de tanta mudanza, xa que o propio Pedro Enríquez volverá moi pronto á obediencia do rei de Castela.

Finalmente, para citar outro episodio que nos invita a insistir na pouca constancia nas súas preferencias políticas por parte do de Andrade, aludiremos a expedición emprendida por Xoán de Gante, duque de Lancaster, en 1386 para reivindicar o trono de Castela como xenro do rei asasinado en Montiel, en 1369. Efectivamente, en 1386 reiniciase a guerra entre a dinastía dos Trastámara, agora representada por Xoán I, e os lexitimistas representados polo duque arriba citado, casado con

26. Baiona, que tivo que pagar como rescate 400 francos para que non arrasasen a vila. Despois foron a Muxía onde queimaron dous navios e, de ali á Coruña que lles tivo que dar 600 francos para que non a arrasasen. Despois incendiaron o porto de Ferrol por negarse a pagar rescate á flota do mestre de Avis. (FERNÁN LOPES, *Crónica de Joao I*, T. I. Porto, 1945 cap. CXXIV, pp. 242-244. J. GARCÍA ORO, *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*, pp. 129/130)

27. Pedro Enríquez de Castro pertence á nobreza trastamarista que ocupa Galicia despois da captura e asasinato do rei Pedro I. As súas relacións con Fernán Pérez, o *Boo*, son intensas, compartindo con el non só a súa fidelidade a Henrique II senón tamén, múltiples actos de espolio das entidades eclesiásticas galegas

28. FERNÁN LOPES, *Historia de uma revolução*. Cap. 124, pp303/304.

D^a Constanza²⁹, filla de Pedro I e M^a de Padilla. O 25 de xullo de 1386, o duque de Lancáster, aproveitando o forte rexeitamento dos galegos contra a dinastía de Trastámara, e a derrota dos casteláns en Portugal, cerca A Coruña con 100 barcos nos que viaxaban 1500 lanzas, outros tantos arqueiros e moitos homes de a pé, segundo di Ayala³⁰. Defendía a cidade Fernán Pérez, quen, segundo o citado Ayala, impediu que a conquistara o de Lancáster: “*E desque el duque llegó a la Coruña hizo mucho por cobrar la villa; pero estaba dentro un caballero natural de Galicia, que era muy buen caballero e muy poderoso en aquella tierra, que le decían don Ferrand Pérez de Andrade...e defendió la villa*”³¹.

Non obstante, Foissart deixa entrever que A Coruña, se ben resistiu durante algún tempo o seu castelo, logo foi tomada polos ingleses que acompañaban ao Duque³².

De novo atopámonos con que o que din as crónicas oficiais non é totalmente certo, se non queremos, como afirman outros autores, que están bastante erradas ou que manipulaban a verdade.

De Fernán Pérez de Andrade, que ostentaba o mando do castelo, algúns -case todos adicados a haxiografía- como Evia y Goossens³³, Couceiro Freijomil³⁴, ou Vicetto³⁵, afirman con Ayala que o de Andrade resistiu o acoso do duque de Lancáster. Non obstante, Vaamonde Lores, deixando clara constancia de que a lealdade á un só señor non ía co de Andrade, afirma, citando a Froissart, e, en coincidencia parcial con Ayala, que o duque se apoderou de seis galeóns casteláns e, máis tarde, da cidade e dos arrabaldes³⁶. Aínda que haxa certas dúbidas sobre o tempo que resistiu o alcázar, en todo caso pouco debeu tardar en renderse a citada fortaleza xa que, ao pouco tempo, o de Lancáster era dono de toda A Coruña, situación que se mantivo case durante dous anos

29. Este matrimonio fora acordado por mediación de Xoán Fernández de Andeiro, cabaleiro coruñés leal a Pedro I, que, cando morre este en Montiel defende a causa do rei de Portugal Fernando I e, cando as súas tropas ao mando de Nuño Freire de Andrade abandonan Coruña, diante da presenza de Henrique II e os seus aliados, Xoán de Andeiro vaise ao exilio onde os seus oficios diplomáticos concordan a voda de D^a Constanza, filla de Pedro I e Xoán de Gante, duque de Lancaster en 1373 (OTERO PEDRAYO, *Guía de Galicia*, Madrid, 1926, pp. 109 e 210. Máis información en: José Manuel BARREIRO FERNÁNDEZ.-*Op cit* p 152)

30. Pedro LÓPEZ DE AYALA, *Crónicas*, “Crónica del rei don Juan I”, edición de José Luis Martín, Barcelona, 1991, p 614

31. Pedro LÓPEZ DE AYALA, *Ibid*, pp 614/615

32. Xoán Froissart, *Les chroniques de Sire Jean de Froissart qui traitent des merveilleuses emprises, nobles aventures et faits d'armes advenus en son temps*, Libre III, Chapitre XXXIII.

33. “Historia y descripción de la ciudad de la Coruña”. Texto orixinal editado pola librería de D.Domingo Puga en 1945, reeditado pola Deputación de Coruña en 1975, p 21.

34. Antonio COUCEIRO FREIJOMIL.- *op cit*, pp 115 e 116.

35. Benito Vicetto, que copia a Gándara, confunde o nome do gobernador de Coruña do que di: “*el Alcalde Mayor y Justicia llamado Pedro Fernández de Andrade, hermano de Fernán Pérez de Andrade, de quien heredó los estados de Puente deume, Ferrol, Villalba y otras comarcas...*”. Como sabemos que Fernán Pérez de Andrade morre en 1397, aínda faltaban dez anos para que o seu sobriño, non seu irmán, herdara os títulos dos Andrade. Posibelmente a confusión de Gándara e de Vicetto, que o segue, se debera a que Pedro Fernández de Andrade participara nas campañas militares de seu tío que era quen ostentaba os títulos de alcalde maior e xustiza. (*Historia de Galicia*, La Gran enciclopedia vasca, Bilbao, 1380, vol XII, p 396).

36. Di Vaamonde Lores en *De monetaria gallega* (BRAG, Vol 22, pp284 -nº 263 do 3 de marzo de 1936) que acompañaba ao duque a súa dona, as súas fillas D^a Catalina, D^a Felipa e D^a Isabel, e unha lucida corte que, no medio da guerra, sacaban tempo para realizar festas e cacerías tal e como nolas describe Jean de Foissart en *Les chroniques de Sire Jean de Froissart qui traitent des merveilleuses emprises, nobles aventures et faits d'armes advenus en son temps*, Libre III, Chapitre XXXIII.

e que vén a demostrar que, ou houbo negociacións, ou simplemente a cidade se rendeu ao inglés. Incluso antes de renderse o castelo da cidade, xa o de Lancáster, a dicir de Vaamonde Lores,³⁷ acuñara moedas na cidade como rei de Castela e de León³⁸. Pedro Fiaño González³⁹ afirma que Fernán Pérez de Andrade non deu resistido á escuadra do duque de Lancáster que arribou á Coruña o 25 de xullo de 1386 con 7000 homes. No seu lugar, o de Andrade pacta con Xoán de Gante, quen o confirma no seu posto de tenente do castelo aceptando ao de Gante como rei de Castela; logo vai a Santiago e, desde alí, conquista Pontevedra, Vigo, Baiona e Ribadavia arrasando, deixando na conquista desta vila máis de 1500 mortos, a maioría xudeus⁴⁰. Máis tarde, despois de conquistar Muros e, logo da voda de Xoán I de Avis con dona Felipa de Lancáster, dirixense a Betanzos⁴¹. En Betanzos, vila moi próxima aos señoríos do de Andrade, chegou a un acordo coa comunidade da vila no senso de que, se en 15 días non recibían axuda do rei que estaba en Valladolid, entregaríanse sen combater, dándolles mentres provisiones aos invasores quedándose o duque con 12 homes de reféns. Por último, tamén García Oro⁴², historiador por certo nada teimoso nin sectario e sen dúbida un dos grandes coñecedores da Idade Media galega, di que o de Andrade entregou a cidade, idea coa que coincide Victoria Armesto⁴³ quen afirma, pola súa parte, que A Coruña recibiu cos brazos abertos ao de Lancáster e que incluso celebrou festas solemnes na cidade amén de cacerías e torneos cabaleirescos.

En todo caso é evidente que o de Lancáster controlou a maior parte de Galicia incluída Betanzos sen que teñamos constancia ningunha que na súa defensa participara o de Andrade, agás o que nos di Ayala da defensa inicial do castelo da Coruña. Todo parece indicar que, lonxe de resistir heroicamente como din as crónicas haxiográficas, houbo un pacto entre o de Andrade e o de Lancáster sen que este feito tivera maior transcendencia xa que, finalizada esta guerra co acordo entre Xoán I e o aspirante inglés ao trono de Castela, Fernán Pérez de Andrade, que seguía mandando na Coruña co de Lancáster, seguiron ostentado de novo con Xoán I de Castela⁴⁴. Incluso, se lle facemos caso a Ayala, a súa figura agrándase con certos toques de heroicidade, algo extraordinariamente asombroso nun século no que leves sospeitas levaron á morte a moitos cabaleiros. Esa é a grandeza de Fernán Pérez de Andrade, desde unha perspectiva absolutamente maquiavélica, poñer a súa lealdade ao servizo dos seus intereses públicos e privados. Alcaide co rei de Castela, alcaide co aspirante inglés e volta á obediencia do mesmo rei castelán.

37. VAAMONDE LORES: *De Monetaria Gallega*, p 288.

38. Non se coñece ningunha destas moedas nin aparece nas referencias de moedas acuñadas polo duque noutros estados da súa posesión. Vaamonde Lores cita algúns dos lugares onde o de Lancáster acuñou moeda: Bergerac, Bayona, Guiche, Dax, Aquitania, *De monetaria Gallega*, "Op cit," p 288, citando ao conservador numismático do Museo Británico, R.E.M Wheeler. Por outra parte, o propio autor afirma que o feito de non conservarse moedas non é tan extraordinario porque, por exemplo, tampouco se conservan moedas de Xoán I de Castela.

39. Pedro Fiaño González, Documentos para a *Historia de Galicia*, Noia 1999, p. 84. 40. Pedro FIAÑO GONZÁLEZ, *Documentos para a Historia de Galicia*, Noia 1999, p. 89.

41. As descrições xeográficas de Foissart, como ten demostrado amplamente Russel, son moi imprecisas e, con frecuencia, equivocadas o que non invalida o testemuño das conquistas inglesas (Pedro FIAÑO GONZÁLEZ, *Documentos para a Historia de Galicia*, Noia 1999, pp. 90/91).

42. *La Nobleza Gallega*, "Op cit", p 16 e 17.

43. Victoria ARMESTO, *Galicia Feudal*, Coruña, 1996, p 438.

44. Ademais do alcalde ordinario, como vimos nomeado polos membros do concello, A Coruña tiña un alcalde maior que exercía, en nome do rei, as funcións de xuíz.

Estes e outros episodios confirmaos, sen lugar a moitas dúbidas, que Fernán Pérez de Andrade, *o Boo*, se ben pasou a algunhas historias como modelo de cabaleiro, en parte foi porque soubo administrar moi ben as súas lealdades sacando sempre vantaxe de toda situación complicada, incrementando a súa *honra*, o que pode entenderse como exemplo da súa extraordinaria valía e/ou como resultado da súa política de pactos baseada máis que en principios, en intereses estratéxicos, tendentes a garantir a súa propia supervivencia e a aumentar a súa bagaxe patrimonial, agora o verdadeiro contido da particular forma de concibir a *honra* cabaleiresca.

Esta é a posición que defendemos baseándonos na historiografía, na documentación e nas crónicas até o momento dispoñíbeis. Hai episodios nos que cabe a dúbida do seu comportamento, pero o que o define a un personaxe é toda a súa traxectoria persoal que, neste caso, é coincidente na dirección que apuntamos. Cambia en momentos de señor, en momentos especialmente delicados, e noutras etapas da súa vida, a ambigüidade do seu comportamento é significativa.

Chegados a este punto, deberíamos facer referencia, aínda que só sexa de paso, á evolución das mentalidades e, concretamente, á nova postura fronte ao concepto de lealdade compartida pola gran nobreza que desvirtúa os vellos conceptos cabaleirescos de *honra e dignidade* para substituír estes pola idea de *grandeza*⁴⁵, baseada máis que nada na capacidade de influencia política e dá a bagaxe patrimonial acumulada, parte dela conseguida a base de participar nas rendas da Coroa e/ou das facendas municipais emerxentes.

Como pode apreciarse claramente, os autores que defenden a visión romántica do primeiro señor de Pontedeume, baséanse en premisas equivocadas e nunha lectura errada das fontes, polo que deberíamos considerar tales interpretación superadas.

Loxicamente, ao ser este un pequeno traballo, non cabe estenderse en explicar as causas e os significados de comportamentos como o de Fernán Pérez de Andrade, numerosos sen dúbida, pero tamén eran numerosos os que seguiron as pautas da *honra cabaleiresca* que tiña a gala morrer empunhando a súa espada antes que traizoar ao seu señor e/ou aos seus ideais⁴⁶. Esta perda de escrúpulos por parte de nobres a cabaleiros, coincidiron cun proceso de reseñorialización que converteu vilas comercialmente ricas e fachendosas, como Ribadavia, Noia, Ferrol ou Pontedeume, por dicir algunhas das máis afamadas, en servidores dos señores, como neste caso os de Andrade, sen posibilidade de seguir o seu proceso natural de expansión e benestar como outras vilas e cidades de reguengo.

FERNÁN PÉREZ, O BOO, REXICIDA?

Pero acaso o tema máis controvertido da vida de Fernán Pérez de Andrade sexa a súa participación na morte de Pedro I de Castela. No meu traballo non se dicía que o de Andrade matara

45. En realidade a idea de grandeza consiste basicamente na forma de entender o vello concepto de honra que seguirán utilizando pero como mostra dunha nova mentalidade, moito máis preto dunha auténtica ideoloxía nobiliaria.

46. Sobre estes aspecto ver a historia de Gómez Pazos de Proben, un dos cabaleiros petristas de Galicia: Carlos Barros, *¡Viva el Rey!*, Vigo, 1996, p 34.

a ninguén, tampouco ao rei de Castela porque, entre outras cousas, non temos documentación que o confirme taxativamente e, ademais, as crónicas coinciden en que foi o príncipe bastardo, Henrique de Trastámara, o que matou coas súas propias mans ó seu irmán Pedro I, *axudado por outros cabaleiros*. Sería polo tanto unha insidia afirmar tal cousa, algo que non se dixo de ningunha maneira. O que si se afirmaba, seguindo outro tipo de fontes distintas ás de Ayala, amén de moitos indicios, era que había moitas posibilidades de participación directa ou indirecta do noso protagonista no asasinato do rei Pedro en Montiel, en 1369. Loxicamente, o que escribe estas liñas non inventou a pólvora con esta afirmación. Se visitamos o castelo de Naraío, nun dos paneis explicativos afirmase, dunha forma clara e contundente, que a citada fortaleza foi cedida por Henrique de Trastámara, xa Henrique II, en compensación pola axuda que o de Andrade prestara ao Bastardo na morte do rei Pedro I.

Por suposto que un historiador que se teña por tal non debe aterse a este tipo de fontes que eu simplemente cito como unha mostra de que a idea de que o de Andrade participou na “encerroña” rexicida de Montiel está bastante estendida entre a historiografía actual.

A traxedia de Montiel foi narrada basicamente por tres cronistas, un castelán, Pero López de Ayala, que chegaría a ser chanceler do reino amén doutros moitos cargos e privilexios que acadou cos Trastámara; por Froissart, un francés ao servizo dos ingleses que dominan daquela boa parte de Francia; e polo cronista portugués Fernão Lopes -este resume as dúas crónicas anteriores con algunha achega propia⁴⁷, os tres autores contemporáneos dos feitos narrados.

Ayala, como bo cabaleiro de Castela, bótalle a culpa a un francés, Duglesclín, quen arma a celada para atraer traizoeiramente a don Pedro á súa tenda, deixando claro que na morte do rei que lle dá o seu irmán bastardo, Henrique, participan outros cabaleiros dos que intenta escapar: *“...Quando esto vio el rey Pedro...quiso cavalgar...e uno de los que estaba con mosén Beltran travó del, e dixole: ¡esperad un poco!... E Túvole e non le dexó partir... E ntonce el rey don Enrique conoscióle, e fíriole con una daga por la cara: e dicen que amos a dos... cayeron en tierra, e el rey don Enrique lo firio estando en tierra de otras feridas. E allí morio el rey Don Pedro...”*⁴⁸.

No texto de Ayala, como acabamos de ver, déixase claro que Duguesclín, con outros, participou dalgún xeito na celada que lle custou a vida ao rei Don Pedro, algo dificilmente críbel nun cabaleiro coñecido en toda Europa polos atropelos das súas *Brigadas Blancas*, pero tamén pola súa valentía e sentido cabaleiresco, como o propio Ayala nos conta con manifesta admiración⁴⁹.

47. Outros afirman, que el-rei dom Pedro, quando sse vio em poder de seu irmaão, e como era traído d’aquella guisa, que sse lançou a ell rrijamente dizendo: Oo treedor, aquí estas tu?; e como homem de gran coraçam quisera-lhe dar com hũa daga que lhe ja tomada tinham, e quando a non achou, que sse enviou a ell a braços e deu com ell em terra; e qu estonce Fernán Sánchez de Thor, que era hũu dos cavalleiros que el-rei dom Enrique consigo levava, tirou el-rei dom Pedro de cima, e voltou el-rei dom Enrique sobre elle, e que d’esta guisa foi morto; (Fernão Lopes, *Crónica de D. Fernando, Edição crítica de Giuliano Macchi*, Lisboa, 2004, XXIII, 70, p. 83).

48. Julio Valdeón Baroque, *Don Pedro I el Cruel y Enrique de Trastámara*, Madrid, 2002, p 213. No mesmo senso ver: Pedro LOPEZ DE AYALA, *Cronica del rey D. Pedro*, edición de L. Wilkinns e Heanon, M Wlinkins, Madison (Wisconsin), 1985, ano III do rei Enrique II, cap VIII, p 197.

49. *“Amigos, vos sabedes bien que yo soy un caballero vasallo del rey de Françea, mi sennor, e su natural e por su mandato so venido aquí a servir al rey don Enrique...”* (Pedro LOPEZ DE AYALA *Cronica del rey D. Pedro*, edición de L. Wilkinns e Heanon, M Wlinkins, Madison(Wisconsin), 1985, ano III do rei Henrique II, cap. VIII, p 196).

Froissart, un francés que debeu escribir polo ano 1378, nove anos despois da traxedia de Montiel, bóttalle a culpa a un aragonés, o vizconde de Rocaberti. Narra como don Pedro, aconsellado polos seus, intentaba fuxir, sendo descuberto por Begue de Villaines e a quen o rei se entrega prisioneiro, pedíndolle que non o deixe en mans de seu irmán bastardo. Villaines -narra Froissart- conduciuno á tenda do vizconde de Rocaberti a onde chegaron rapidamente o propio vizconde e Henrique de Trastamara, contra quen, tan pronto o viu, se abalanzou Pedro I -afirma o cronista francés- feríndoo até que Rocaberti colleuno por un pé e púxoo por debaixo de Henrique que deseguida o asasinou cun coitelo castelán e outros o axudaron a rematalo⁵⁰, posición que remarca Fernão Lopes, botándolle á un cabaleiro que acompañaba ao príncipe bastardo, chamado Fernán Sánchez de Thor e deixando constancia de que na morte do rei participaron varios cabaleiros: *Em outra maneira, sse os leixarom ambos, cre-sse todavia que el-rrei dom Pedro matara seu irmão...audo por boom e ardido vavalleiro*⁵¹.

Nada se di entón de Fernán Pérez de Andrade -citan só grandes señores; o de Andrade era un escudeiro-, pero das crónicas citadas podemos deducir que na morte do rei participaron varios cabaleiros dos que cada cronista cita os que considera mellor á súa posición. Tampouco se alude por ningures á famosa frase lendaria atribuída a Duguesclín de: *“Eu non quito nin poño rei, pero axudo a mi señor”*, frase que puxo en dúbida Juan Catalina García quen recolle as afirmacións da Ayala aludindo á posibilidade de intervención de terceiros na morte do rei Pedro⁵². No que si todos coinciden, é en que a morte do Rei foi produto duna celada na que participaron moitos.

Foi Molina, recollendo a tradición popular, o primeiro en afirmar que o de Andrade fora o autor da frase inculpatória, engadindo que era moito máis propia do de Andrade que do francés.⁵³ *Dí Molina*:⁵⁴ *“Este linaje de los Andrade es de los más ilustres deste reino, y entre ellos ovo aquel buen caballero que llamaron Fernán Péres de Andrade el Bueno, el cual, siendo muy privado del rey don Enrique el Bastardo, en una batalla... con el rey don Pedro su hermano, estando este rey caído en tierra el don Enrique, y don Pedro sobre él, ya para le matar, se halló allí este Fernan Pérez, el cual diciendo; “Yo no quito ni pongo rey, mas ayudo a mi señor, tomo el brazo al don Enrique, el cual, dando la vuelta sobre su enemigo y hermano el rey don Pedro, le mató...”*

Cabe destacar que Molina non lle chama asasino senón que incluso fala de Fernán Pérez como dun bo cabaleiro; a empatía debe conducirnos a ver os feitos como os vían os contemporáneos, á luz das súas mentalidades, non como o veríamos hoxe, o que nos debe conducir a verdade histórica, dentro das nosas posibilidades.

50. Jean FROISSART, *Cronicas*, Traducción V.Cirlot e J.E. Ruiz Domenech, Madrid, 1988, p. 273

51. Fernão LOPES, *Crónica de D. Fernando*, Edição crítica de Giuliano Macchi, Lisboa, 2004, XXIII, 70, p. 83.

52. Juan CATALINA GARCÍA, “Castilla y León durante los reinados de Pedro I, Enrique II, Juan I y Enrique III”, en *Historia Genetal de España*, Madrid, 1983, T I, pp 428/429.

53. Manuel MURGUÍA, *Historia de Galicia*, Bilbao, 1980, vol II, p. 1160.

54. Expresado en versos polo propio Molina, a imputación rezaba así: *“La casa de Andrade también os lo digo/ para que su hecho también se publique/ que un muy privado del rey D.Enrique/ contra D Pedro su hermano y abrigo, / en una batalla le fue tal amigo/ que viéndole estar caído le quiso/ dar tal ayuda, socorro y aviso/ que dando la vuelta mató a su enemigo.”* (Bartolomé SAGRARIO MOLINA, *Descripción del reinio de Galicia*. Texto escrito en Mondoñedo en 1550. Edición crítica de José Antonio Parrilla de 1998, p. 150).

Molina, que escribe uns 170 anos despois de Montiel, atribúe ao de Andrade o papel que segundo Ayala e Froissart xogaron cabaleiros anónimos, atribución que tamén recolle Frei Felipe de la Gándara, afirmando que a concesión da fortaleza de Naraío, que era de Gonzalo Piñeiro, deu-la Henrique II a Fernán Pérez pola súa intervención ao seu favor en Montiel, dentro da tenda de Beltrán Du Guesclín (*Beltrán Cucliu*): “*Allóse con el en la tienda de Beltran Cacliu quando los dos hermanos lucharon i aviendo caído debaxo dizen los Gallegos, que fue Fernán el que los varajó y puso encima à D.Enrique diciendo: io no quito Rei, ni pongo Rei, pero libro a mi señor*”⁵⁵.

Ao meu entender, as versión dos cronistas citados son coincidentes xa que todos afirman que na morte do rei participaron, ademais do Bastardo, terceiras persoas entre as cales Molina e Gándara identifican ao de Andrade. Pensemos que os Trastámara destruíron unha boa parte da documentación da época de Pedro I, sobre todo a relativa aos asuntos públicos, especialmente da chancelaría, reprimindo sen contemplacións todo aquilo que soase a lexitimismo, o que explicaría que a versión que nos ofrece Molina só se mantivese a nivel de tradición popular ou en relatos hoxe descoñecidos aos que deberon ter acceso os dous cronistas⁵⁶.

Todo o anterior anímanos a concluír que o de Andrade, efectivamente, tivo algo que ver coa morte de Don Pedro I, e que esta morte produciuse de forma aleivosa e sañuda, de xeito máis traizoero que cabaleiresco, xa que, incluso se chega a afirmar que lle cortaron a cabeza e o seu corpo foi exposto para ser escarnecido⁵⁷.

Avalan a teoría da participación do de Andrade na morte do rei, non só as fontes arriba citadas, senón, sobre todo, reiteramos, o feito de que un fidalgo de liñaxe máis ben modesta, un *escudeiro*⁵⁸ sen unha gran fortuna, fose agasallado con privilexios máis propios dun *rico-home*. Por outra parte nas súas fundacións garda sempre memoria do seu mentor Henrique II, preferindo aplicar as misas das fundación pola alma do rei que pola súa propia familia, incluída a súa primeira muller xa falecida, o que podería falarnos dun sentido de culpa compartida⁵⁹.

55. GÁNDARA, *Armas*.. cap. XVIII, p 304.

56. Tamén afirman a participación do de Andrade na Morte de Pedro I, Argote de Molina e Pedro Lezcano segundo Crespo Pozo (J. CRESPO POZO, *Blasones y linajes de Galicia*, Santiago, 1962, T.II, p.76). Couceiro Freijomil, citando á Murguía, limitase a recoller a tradición anterior e o feito de que a frase á que aludimos máis arriba parece máis propia do de Andrade que do francés. En troques, máis adiante, afirma que ese feito non ía co carácter do de Andrade e que Molina non ten bases para soste- tal afirmación, xa que escribe preto de douscentos anos despois dos sucesos de Montiel. Outros historiadores locais como Montero Aróstegui ou Martínez Santiso, limitanse a citar o feito de que algúns historiadores atribúen ao de Andrade unha actuación decisiva no fratricidio de Montiel a favor de Henrique de Trastamara, poñendo na súa boca a frase arriba aludida.

57. Coinciden neste aspecto García de Salazar (*Bienandanzas y Fortunas*) e o *Cronicón Conimbricense*, escrito non moito máis tarde(1404) dos sucesos de Montiel; tamén coincide un autor anónimo catalán, contemporáneo de don Pedro e don Henrique, citado por Zurita que tamén implica ao de Andrade nos sucesos de Montiel.

58. Neste documento de protesta, escrito dous meses despois do magnicidio de Montiel, aínda se lle chama escudeiro. (AHRG, Fondo Vaamonde Loes, 4(6), nº 22). Esta protesta está publicada por D. Andrés Avelino COMERMA en *Los castillos feudales de Moeche, Narahío y Andrade*, BRAG, T. VIII, p 107).

59. Na ábsida da igrexa de San Francisco de Betanzos, Fernán Pérez ordena colocar o seu sepulcro e mais o da súa dona D^a Sancha, cuxo pasamento debeu acontecer entre 1373 en que deixa de aparecer nos documentos, e 1391 en que aparece a súa segunda muller, D^a Constanza (Francisco VALES VILLAMARÍN, “El sepulcro de Andrade, o Boo”, *Anuario Brigantino*, nº 2, ano 1949, pp. 94 e ss.).

Non se pode explicar o ascenso tan fulgurante de Fernán Pérez de Andrade III sen un gran acto de heroicidade, que descoñecemos, ou sen unha débeda inmensa de gratitude por parte de Henrique de Trastámara, contexto no que aparecen máis críbeis as afirmacións de Molina, de Gándara e outros arriba citados. Tanto Gándara coma Molina son dous cronistas galegos; non teñen ningún interese nos feitos como ten Ayala ou como ten Froissart, polo tanto, ofrécennos bastante crédito as súa afirmacións que, por outra parte, se apoian na tradición popular, polo regular sempre portadora dun compoñente importante de verdade. Nin tan sequera cabe a militancia nun *partido* distinto ao dos Andrade porque esta liñaxe xa foi absorbida polos de Lemos cando estes escritores falan.

Debería entón quedar meridianamente claro que, no libro por min publicado, en ningún momento me refiro á Fernán Pérez de Andrade, *o Boo*, como asasinado de Pedro I senón que, iso si se afirma e o reiteramos desde aquí de novo, o de Andrade é máis que probábel que fora un dos cabaleiros aos que citan os cronistas que *colaborou* con Henrique de Trastámara a asasinar ao citado rei castelá.

O PRIVILEXIO DE MURVIEDRO DE 1364

O privilexio de Murviedro é un documento que se garda nos arquivos dos duques de Alba, que, como sabemos, son hoxe depositarios dos dereitos hereditarios da casa de Andrade. O citado privilexio foi concedido en Murviedro⁶⁰ en 1364 polo rei Pedro I cando estaba en guerra co rei de Aragón, Pedro IV. O problema que se nos suscita é dilucidar se no citado privilexio, ademais da freguesía de Naraío, se concede ao de Andrade tamén o señorío das freguesías de Pontedeume e Vilalba, sete (1371) e nove (1373) anos respectivamente antes das datas nas que realmente se concederon á Fernán Pérez tales privilexios, como é admitido universalmente.

A cuestión non é banal dende a perspectiva historiográfica até aquí enunciada: se admitimos que Fernán Pérez de Andrade é titular de Pontedeume e Vilalba desde 1364, os privilexios concedidos por Henrique II en 1371 e 1373 aparecen desvirtuados, algo que, por outra parte, deixaría sen sentido a débeda de gratitude da que fala a historiografía e deixaría en suspense as supostas velezas oportunistas do primeiro señor de Pontedeume, algo que debemos rexeitar ao mesmo tempo que rexeitemos unha historia haxiográfica que decididamente debemos enterrar para poder contemplar unha visión máis obxectiva do pasado. E digo haxiográfica porque precisamente defender que Vilalba e Pontedeume –por certo polo menos esta non era unha freguesía como supostamente rezaría o privilexio de Murviedro senón unha vila con xurisdicción sobre moitas freguesías– son do de Andrade desde 1364, supón defender a visión idealista e deformada do primeiro gran señor de Andrade. Se esta hipótese que se defende no artigo citado ao principio deste traballo fora certa, e que poucos a defenden segundo eu creo⁶¹, habería que demostrala achegando probas, non

60. O documento que Pardo de Guevara cualifica de copia (E. PARGO DE GUEVARA, *Los señores de Galicia*, Coruña, 2000, T. II. Rex. Nº 19, pp. 38/39) atópase no arquivo dos duques de Alba ou do pazo de Liria. C. 343-7. Existe unha copia na colección Salazar que non inclúe Pontedeume e Vilalba.

61. O máximo que se pode esgrimir no senso de validar a posición da triple doazón de 1364 son transcricións literais, sen

ao revés, tombando con argumentos as que até o momento dispoñemos, cousa absolutamente contraria a toda forma de rigor historiográfico. De novo atopámonos co problema das árbores que non deberían ensombrecer a visión clara do bosque.

No privilexio de 1373⁶² fálase de que Vilalba era de Don Fernando de Castro. Por que invadir unha proba que até agora todos aceptaban? Podemos incluso permitirmos o luxo de emendarlle a plana a Pardo de Guevara, un historiador que leva alomenos 30 anos estudando os arquivos dos duques de Alba e que cualifica o documento do privilexio de 1364 como copia. Non acabamos de asombrarnos con temeridades como esta que de vez en cando lemos; pero o que realmente máis nos marabilla é que non se nos achega proba ningunha de tales inquiredanzas. Habería que achegar algún documento no que se falara de alcaldes, notarios ou xuíces das dúas poboación citadas, nomeados entre 1364 e 1371 por Fernán Pérez de Andrade. Pero non se poden aportar porque, que saibamos, non as hai, porque o privilexio de Murviedro, como lle pasou a moitísimos documentos medievais, debeu ser reiteradamente copiado e alterado, engadindo cousas como lle pasou á freguesía de Naraío -o obxecto único do citado privilexio-, ás de Pontedeume e Vilalba, algo que sen moito esforzo se pode constatar lendo o texto do citado documento do que presentamos algúns fragmentos subliniados para que o lector poida por si mesmo dilucidar a cuestión. Pero imos argumentar a nosa posición.

O SEÑORÍO DE VILAS E CIDADES NO REINADO DE PEDRO I

Unha das cuestións historiográficas máis clásicas da Baixa Idade Media é o enfrontamento entre os reis e a nobreza pola cuestión da centralización do poder en mans dos soberanos que para contrarrestar o poder dos nobres; téñense que apoiar nas cidades, ás que, como a Pontedeume, dotan de foros para defendelas dos señores feudais creando áreas libres de servidume nas que florecen a artesanía e o comercio, unha fonte nova de recursos das que xeralmente non participa a nobreza. Por iso, superada a minoría de idade, Afonso XI apoia con decisión ás cidades, incluso contra bispos coma o de Santiago⁶³.

Pedro I tivo que soportar continuas rebelións nobiliarias desde o momento mesmo en que, aos 16 anos, subiu ao trono por morte prematura de seu pai Afonso XI. Os seus apoios máis constantes foron as cidades que, como Toledo e A Coruña, lle seguiron sendo fieis aínda despois da súa morte. Durante o seu reinado, que durou 19 anos, concedeu moi poucos señoríos sobre cidades e vilas importantes como nolo amosa a Colección presentada polo profesor valisoletano Díaz Martín⁶⁴ quen tan só nos ofrece un pequeno número destas concesións dun conxunto de 1475 que

estudo crítico ningún, feitas por historiadores que nin coñecen o contexto da problemática que formulamos e nin sequera entran na cuestión de autenticidade ou falsidade do documento, algo extraordinario porque no propio texto hai contradicións ben patentes.

62. AH Salazar, M-48, fol 77r-78v.

63. A. LÓPEZ FERREIRO, *Fueros de Santiago y de su tierra*, Santiago, 1895, p 332-334.

64. Dos 1475 documentos que nos aporta o profesor Díaz Martín, moi poucos, menos de 20, e sempre a personaxes relevantes do seu entorno lles concede señoríos sobre vilas e cidades. Dos privilexios de nova creación concedidos á nobreza que leven incluído o señorío sobre espazo urbano, só podemos citar o concedido en Sevilla o 27 de outubro de 1350 a Diego González

aparecen nos catro tomos por el publicados. Case todas estas concesións foron ademais outorgadas a *membros da alta nobreza*, non a fidalgos ou escudeiros. É máis, como pode verse a maior parte están concedidos en época de problemas para o rei: 1354-1356 (rebelión nobiliaria) e 1362-1366 -Guerra con Aragón e comezo da guerra civil-, nos que lle é imprescindíbel contar coa nobreza adicta. Existen outros privilexios menores que non implican señorío sobre espazos urbanos importantes pero, en todo caso, son moi poucos para 19 anos de reinado de Pedro I.

Non é este un traballo sobre to tema, pero debo citar que son inmensamente máis numerosas as disposicións sobre a protección de vilas e cidades, moitas delas provisións para mellorar a súa administración, pero tamén privilexios novos de foro (22) e integracións no reguengo de espazos de señorío (16). Por outra parte, Pedro I confirma moitos privilexios de conventos, pero mantén en suspense o señorío dos bispos sobre as cidades, como Santiago⁶⁵, Tui, Lugo, Mondoñedo, Ourense, entre elas, o que lle valeu a excomuñón e o cualificativo de anticristián.

Todo o dito anteriormente vén a conta de que é moi difícil crer que un rei protector da vila municipal de vilas e cidades conceda a un fidalgo de provincias, de familia só coñecida a nivel comarcal, unha doazón propia dun *rico home* de Castela; a un fidalgo que aínda ten a categoría de *escudero*, e todo dentro dunha época na que Pedro I acadou case todos os seus obxectivos na guerra de Aragón. Sinxelamente, é inconcibíbel.

Pero aínda temos máis argumentos para rexeitar que no privilexio de Murviedro se incluíran as vilas de Pontedeume e Vilalba: esta última vila era de señorío dos Castro de Lemos e, no momento da concesión do privilexio de Murviedro, Fernando Ruíz de Castro estaba como xefe dos exércitos de Pedro I na mesma campaña de Aragón na que se concede o privilexio. É polo tanto inconcibíbel que lle dera ao de Andrade unha posesión do de Castro sen unha compensación clara. Pensemos que o de Castro era un *rico-home* con altos cargos na Corte e o de Andrade un fidalgo. Non é posíbel desde unha perspectiva de certa seriedade admitir tal posibilidade. Para salvar esta situación, afirmase primeiro que houbo outros intercambios de propiedade entre señores, aludindo ao cambio de Sanabria por Cedeira, pero eses intercambios aparecen expresados con claridade. Ademais, os Castro de Lemos aspiraban a prolongar o seu señorío cara á costa que era fonte de comercio e de riqueza como o seguirán facendo os seus sucesores. Neste senso, Cedeira era un caramelo moi doce. É máis, que sentido ten que lle regalaran Cedeira preferíndoa a Sanabria? Tiña o sentido de darlle saída ao mar ás súas posesións na Terra Chá e no bispado de Mondoñedo cuxa encomenda ostentaba. Canto non pelexaron os de Lemos e, sobre todo, os de Benavente por controlar A Coruña? Pouco importa que en Vilalba os de Castro a tiveran toda ou só fortaleza. Era unha

de Oviedo; o concedido a Diego Gómez de Toledo, notario maior do Reino, o 15 de agosto de 1352; a María González, nai de María de Padilla, o 3 de agosto de 1353; o concedido a Xoán Afonso de Benavides, xustiza maior da casa do Rei, o 10 de novembro de 1354; o concedido a Pedro González de Mendoza o 2 de maio de 1355 (portádego de Guadalajara); a María de Padilla, o 5 de maio de 1355; a Alonso Pérez de Tejada, o 10 de agosto de 1355; á raíña (de Aragón) dona Leonor, tía do rei; Motya e Requena ao infante de Aragón, don Fernando; a vila de Torrijos a Antonio López Orozco; a Diego Pérez Sarmiento, a vila de Castrojeriz; a Lope López de Haro, varias vilas; e os concedidos a Íñigo López de Orozco (1362), Pedro González de Mendoza (1366) e Fernand de Castro (1366). En total de 1475 documentos, son 15 privilexios que implican señorío sobre espazo urbano. (L.V DÍAZ MARTÍN, *colección diplomática de Pedro I de Castilla*, Salamaca 1997, t. 1, p 158, t.3, n° 748, n° 83, n° 908, n° 927, n° 928, n° 946, n° 970, n° 973, n° 1056; t. 4, n° 1363, n° 1185, 1335 e 1342).

posición dominada polos señores de Lemos como o afirma o privilexio de 1373 ao que xa fixemos referencia, no que o rei fratricida, Henrique II lle concede a Fernán Pérez de Andrade o señorío de Vilalba. Neste documento afirmase taxativamente: “*damosvos por juro de heredad para agora e para seinpze jamas, para vos e para vuestros herederos e para los que que de vos vinieren et lugar de Villalba, el qual fue de Don Fernando de Castro...*”⁶⁶. É verdade que ás veces os documentos enganan; eu mesmo estou argumentando para intentar demostrar que o privilexio de Murviedro contiña só a freguesía de Naraío e que a inclusión de Pontedeume e Vilalba é o resultado da alteración do documento orixinal. Pero, da validez do privilexio de 1373 ninguén o dubidou, pero, aínda que o documento de 1373 fose dubidoso, de non haber outro dato que o contradiga, o que se afirma nel vai a misa e comulga sen confesión.

Insistindo no tema, sen esforzarnos moito, atopamos confirmacións e indicios de que Vilalba era do de Castro xa desde Estaban Fernández de Castro. Entre as numerosas poboacións que controlaban os de Castro desde finais do século XIII, estaba Vilalba e a súa fortaleza na que Fernando Ruíz de Castro encerra ao infante don Felipe arredor de 1300⁶⁷. No mesmo senso, tanto Cal Pardo coma López Ferreiro coinciden en afirmar que Vilalba era de Fernando Ruíz de Castro nas datas antes citadas⁶⁸. Deberíamos entón emendarlles a plana, sen unha soa proba que o ampare, aos nosos ilustres predecesores nas tarefas de estudar a Historia aínda que estes non sexan casteláns? Eu penso que non. Pero aínda hai máis datos para reafirmarnos na convicción de que Vilalba era do de Castro. Despois da derrota de don Fernando de Castro, neto do anterior, o 2 de xaneiro de 1374, seis meses despois de que o de Andrade recibira Vilalba de Henrique II, xa exiliado en Baiona, Don Fernando de Castro subscribe un título de Alcalde de Vilalba⁶⁹ e, despois da súa morte, o seu fillo, *Pedro de Castro*, segundo nos conta Salazar y Castro, foi *señor de Vilaba e os Nogais*⁷⁰ o que nos falaría de que gozaba do beneficio de Vilalba por designio do seu pai e seguía, co seu título, reivindicando os señoríos do seu pai cando xa foran dados a terceiros, entre eles a Fernán Pérez de Andrade. Non son datos abafadores pero son suficientes, sobre todo, se non hai outros que os contrarresten, para demostrar o que a tradición historiográfica dá por certo: que Vilalba era de Fernando de Castro. O único certo até agora é que non hai documento ningún que nos fale de que Pontedeume e Vilalba eran do de Andrade antes de 1371 e 1373 respectivamente, agás, loxicamente, o documento a todas luces copiado e/ou alterado da concesión a Fernán Pérez da freguesía de Naraío, do que logo falaremos e que se conserva nos Arquivos dos Duques de Alba.

Vilalba era entón de Fernando de Castro e, de Pontedeume, non hai ningún dato que nos fale de que era do de Andrade. Ademais, como xa dixemos máis arriba, esta concesión rompería as pautas de apoio ao municipalismo e racionalidade centralizadora que usaban os reis nesta época.

66. AH Salazar, M-48, fol 77r-78v. Ed. J.G. ORO, *Don Fernando de Andrade...*207/8.Ed. B. Vicetto, Historia...VI, 378/380.

67. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia...* V, p 268.

68. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia...* VI, pp. 21 a 31. CAL PARDO, *El Monasterio de San Salvador de Pedroso*, A Coruña, 1984, p.97, notas.

69. ADA, Sección Lemos, C-344-1. Cit E. Pardo de Guevara,(Rex.) *Los señores de Galicia*, T. II, doc. 23, p. 42.

70. Eduardo PARDO DE GUEVARA, *Los señores de Galicia*, A Coruña, 2000, t. I, p. 189/90. Cit. SALAZAR Y CASTRO, *Historia genealógica de la casa de Lara*, Madrid, 1696, T. I. pa 118 e ss.

O PRIVILEXIO DE MURVIEDRO DO 1 DE MAIO DE 1364

Este privilexio consérvase nos arquivos dos duques de Alba⁷¹ e unha copia forma parte da Colección Salazar da RAH⁷², aludido e/ou transcrito entre outros polo ilustre arquivista Andrés Martínez Salazar⁷³, polo ilustre cóengo Antonio López Ferreiro⁷⁴ e, máis recentemente, publicado polo profesor Díaz Martín⁷⁵. Por outra parte o documento forma parte de varias recensións, entre elas as de J. C. García⁷⁶ e E. Pardo de Guevara⁷⁷.

De todas as publicacións citadas, a máis recente, a do profesor Díaz Martín, que sen dúbida descoñecía os trazos máis relevantes da traxectoria política de Fernán Pérez de Andrade e/ou non se parou a analizar un dos máis de 1400 documentos aos que fai referencia na súa publicación, afirma que se trata dun documento orixinal. Sen dúbida esta publicación foi elaborada con colaboracións que non sempre teñen o tempo ou a paciencia para deterse a examinar un documento como o que analizamos. Só así nos explicamos como este ilustre profesor desgraciadamente desaparecido cometera varios erros: o primeiro lugar, citar o documento dos arquivos dos duques de Alba como orixinal alomenos se explicar as súas anomalías⁷⁸; o segundo non darse conta das numerosas contradicións entre o suposto obxecto da doazón de Pedro I, as freguesías de Naraío, Pontedeume e Vilalba, e as *numerosas cláusulas posteriores que só falan dunha feligresía*; o terceiro erro é non se fixar no aparato de confirmadores, moi superior a case todos os documentos da súa colección⁷⁹, incluídos os concedidos a membros da gran nobreza castelá, confirmadores en cuxos nomes vemos algúns casos que nos parecen claramente errados; o cuarto erro, que de confirmarse sería moi grave, á luz do documento do ADA que cita como fonte o desaparecido profesor no que tanto o signo rodado como o crismón aparecen en branco e, ademais, segundo afirma o responsábel dos arquivos dos duques de Alba, J. Manuel Calderón⁸⁰, no que se di que o citado documento é o único sobre o tema que hai nos citados arquivos, cando sorprendentemente na publicación do profesor Díaz Martín aparecen reheos con nomes de altos dignatarios, o que, ao meu entender, resta credibilidade á citada publicación que se presentou como unha obra monumental; o último erro é non

71. ADA, carpeta 343, nº 8.

72. RAH, Col, Salazar, M-48, f 102-103v.

73. RAG, Fondo Martínez Salazar, caixa 106/21. Transcrición manuscrita. Martínez Salazar gardaba tanto as notas como as transcricións manuscritas dos documentos e artigos publicados. Neste caso atopamos só a transcrición manuscrita, non a publicación, pero, dado o amplo volume de artigos publicados por este autor en revistas e periódicos hoxe desaparecidos, estamos convencidos de que xa foi publicado en Galicia.

74. Ed. LÓPEZ FERREIRO, *Historia*, VI, p 181, nota 1.

75. Ed. L.V. DÍAZ MARTÍN, *op cit.* nº 1247, T. 4, pp. 153-157.

76. Rex. GARCÍA CATALINA, J., “Castilla y León durante los reinados de Pedro I, Enrique II, Juan I y Enrique III”. En: *Historia General de España*, t. 40, Madrid, 1983. Rexesta documental sobre Pedro I, número 319.

77. Rex. PARDO DE GUEVARA, E. *Los señores de Galicia*, II, nº 19, p.41.

78. En referencia ao que nos di o profesor De Castro, de que a letra do documento é precortesá, temos que dicir que tal afirmación parece un tanto vaga xa que a letra cortesá predomina dende ben entrado o século XV e o documento de que falamos é de 1364.

79. En realidade na obra do profesor Díaz Martín hai transcrición e recensións.

80. C. De CASTRO ÁLVAREZ, *Op. Cit.* p. 285.

se fixar nos numerosos aspectos do documento que ofrecen mostras de dubidosa procedencia que logo comentaremos. Texto similar ao de Díaz Martín é a transcripción de Martínez Salazar. Non obstante o texto da colección Salazar citado máis arriba, ademais de poñer en evidencia que se trata dunha copia -dato que tamén sinala Pardo de Guevara- inclúe só como obxecto da doazón de Pedro I a Fernán Pérez, *O Boo, a freguesía de Naraíso* en coherencia co resto do texto que só alude, como xa dixemos, a esta freguesía como tamén ocorre coa rexesta de J. Catalina García que fala só da freguesía de Santa María de Naraíso. O resto do documento, salvo pequenísimas diferencias sen dúbida debidas a despidos dos copistas e/ou dos transcritores, e salvo as diferencias ás que aludimos do selo rodado, é idéntico.

Temos entón que o señor Calderón afirma que o documento existente nos arquivos dos citados duques coa signatura C. 343, nº 7, é o único que existe da doazón de Murviedro que se atopa nos arquivos da Casa de Alba. Por outra parte temos unha publicación, a do profesor Díaz Martín que afirma que o documento é orixinal e inclúe no seu texto non só a freguesía de Naraíso senón tamén as de Pontedeume e Vilalba. Por outra parte a da Colección Salazar, inclúe só a freguesía de Naraíso, o mesmo que a rexesta de J. Catalina García. En terceiro lugar temos que un estudo dos arquivos citados como é Pardo de Guevara, en liña con Salazar, cualifica o documento de Murviedro como copia.

Cal é a solución a este aparente galimatías? Moi sinxela: o documento é unha copia ou unha alteración do orixinal que, como na inmensa maioría dos casos, non se conserva íntegra. Por que non é o orixinal? Por moitas cousas: primeiro, polos numerosos aspectos dubidosos que presenta o documento en cuestión. Para isto nós comparamos documentos orixinais en pergamiño de Afonso XI, Pedro I e Henrique III⁸¹ nos que, sobre toda naqueles que se conservan en bo estado, hai coincidencia como que o crismón aparece policromado e con inscricións, o mesmo que o signo rodado con algunha outra coincidencia como separar as liñas de confirmadores con columnas policromadas. A firma do rei Pedro I non aparece en ningún dos documentos consultados nin coa mesma tinta nin co mesmo formato. No mesmo senso a letra, minúscula diplomática, letra dos privilexios ou precortesá non nos indica nada porque se usa durante máis de dous séculos para os privilexios reais e que calquera escribían a dominaba.

Segundo, as discrepancias entre o fragmento da suposta concesión das freguesías de Pontedeume, Vilalba e Naraíso e o resto do texto son **abrumadoras**: “... *douos en donación, por juro de hereditat, para siempre jamas, la feligresía de Villaba, Puente deume, et Santa María de Naryo...*”⁸² Máis abaixo referíndose só sen dúbida á freguesía de Santa María de Naraíso: “...*e derechos foreros de la dicha feligresía et de sus términos, segunt la pertenescen...*”, pasando do plural ao singular no que se mantén no resto das cláusulas do texto, como na cláusula de condicións en

81. AHDS, Fondo xeral, serie privilexios reais, pergamiño, nº 4 (14). Pergamiño de gran formato (60x40 cm.) en bo estado. Non concorda nin crismón, nin signo rodado, nin firma. Sí concorda co de Henrique II en canto ao crismón con alfa e omega e dividido en 4 seccións exquisitamente policromado e os bastoncillos que separan as columnas; AUS, Fondo antigo de San Mariño Pinarío, serie “documentos soltos”, número 29. Pergamiño orixinal, minúscula diplomática. Sen signo rodado nin crismón (Signatura orixinal: Mazo 85, número 59); AHMC, serie privilexios, número 20.

82. Utilizamos a transcripción de Martínez Salazar pero, agás a inclusión a maiores de Pontedeume e Vilalba, o resto é igual á da Colección Salazar y Castro da RAH. O mesmo pasa coa transcripción de Díaz Martín.

que usa varias veces o singular pero que, por veces, é máis precisa: “...*que sea tornada la dicha feligresía con todos sus términos et pechos et derechos et justicia, et señorío a la Corona...*” Pero, onde máis explícito é o texto é na cláusula cominatoria cando afirma: “...*Et otrosí, mando por este mi priuilegio a Rodrigo Alfonso de Mansiella, mio Merino Maior en Galicia, ...que entreguen et fagan luego entregar al vos, el dicho Ferrant Pérez, ...la dicha feligresía de Santa María con todos sus términos, ...et fagan recodir con todos los pechos et derechos foreros de la dicha feligresía*” e *con todas las otras cosas que pertenescen al señorío de la dicha feligresía...*”. Estas son algunhas das alusións á citada freguesía, sempre en singular. Non se usa o plural nin sequera na cláusula de concesión onde usa o singular seguido de tres nomes. Calquera persoa que lea atentamente o documento, debe necesariamente pensar que está alterado. Por outra parte non debemos rizar o rizo acudindo a dous documentos coa mesma data incluíndo un deles o obxecto da doazón do outro. O que hai é un documento que sen lugar a dúbidas foi alterado e do que, posibelmente, se fixeron varias copias das que, que saibamos, só queda unha. O resto é perder o tempo e querer buscar agarradeiras para divulgar hipóteses contra natura. A solución máis fiábel sempre é a máis sinxela. Ademais, neste caso está moi clara. Este documento sempre foi tratado de pasada porque non é un texto fiábel. Dicur ademais que Pontedeume era unha freguesía que abarcaba Naraío, se que eu o entendín ben, como argumento para afirmar autenticidade da triple doazón é un erro de vulto. No privilexio de 1270 no que Afonso X lle outorga o foro de Benavente a Pontedeume, especificase ben claro que a pobra de Pontedeume ten xurisdicións sobre unha morea de freguesías, entre elas Naraío. Unha cousa é a xurisdicción relixiosa encarnada na freguesía e outra é a xurisdicción civil, que poden coincidir ou non como neste caso no que a xurisdicción de Pontedeume abarcaba varias freguesías. Vexamos un fragmento do citado privilexio de 1270 polo que Afonso X lle outorga o foro de Benavente a Pontedeume e que contempla a fundación dunha con xurisdicción civil e criminal sobre unha serie de freguesías, entre elas a de Naraío: “...*Porque los omes de la tierra de pruços et de beçoucos et de la feligresías que dizen de sancta maria de centronna...et sayoane de pineiro et santiago de frança, et san salvador de maninos, et san jurjo de magalofes et... et santiago de perlio et santa maria de nareyo, se nos enviaron querellar...*” (Guadalfaiera, martes 30 de decembro 1270)⁸³ Aínda en 1689 Pontedeume se compoñía de 11 freguesías segundo os arquivos da vila eumesa⁸⁴.

Pero aínda hai outros datos que nos incitan a crer que o documento foi alterado. En 1364, Fernán Pérez de Andrade, como xa dixen, era un fidalgo coa categoría de escudeiro, pero, se nos fixamos no aparello de confirmadores, parece que fora un *ricohome* como si o era Fernando de Castro ou Íñigo López de Mendoza que non aparecen adornados con tal aparello de dignidades confirmadores cando reciben de Pedro I sendas doazóns.

Se continuamos cos detalles que consideramos dignos de desconfiar no ampuloso aparato de confirmadores, temos que o bispo de Lugo **non é Frei Afonso** como aparece na terceira columna de confirmadores, senón **Frei Pedro López** ao que coñecían ben na Corte porque era confesor

83. A. LÓPEZ FERREIRO (director) *Colección diplomática de Galicia Histórica*, Santiago, 1901, nº 34, pp. 161- 169. Coñecemos este documento a través da ratificación de Afonso XI realizada en Santiago de Compostela o 24 de xullo de 1345. Á súa vez, este documento contén unha ratificación anterior de Fernando IV que tivera lugar en Valladolid, o 5 de xullo de 1345.

84. AMP, carpeta 109, 18.

do rei. No mesmo senso Xoán Afonso de Benavides non debería aparecer como confirmador porque, desde 1359 en que se produciu a batalla de Araviana e se viu obrigado a entregar a súa posición, perdeu o favor real e non volveu ver o rei, morrendo en prisión⁸⁵ como tamén lle sucedeu a Diego Pérez Sarmiento, exiliado en Aragón, dos que o rei desconfiaba, segundo nos conta Ayala que *non quisieron llegar a la pelea por quanto querían mal a Juan Fernández de Henestrosa ..., nunca mas vio al Rey don Pedro, ca non osaba parescer ante él...*⁸⁶. Polo tanto, tanto o caso do bispo de Lugo como o deste último confirmador non só son dúbidosos senón que son claramente falsos xa que nin o primeiro existe nin o segundo pode asinar en 1364 o citado privilexio.

Estes son datos extraídos da simple lectura do documento que sempre nos chamou a atención porque a táboa de confirmadores é impresionante. A magnitude do aparello de asinantes e confirmadores é máis propio dun privilexio concedido a unha institución de gran peso como a Igrexa de Santiago, o mosteiro de San Martiño Pinario ou afíns, onde si vimos táboas parecidas o mesmo que ningún privilexio concedido a *ricos-homes* ou personaxes do contorno real. En cambio non parece adecuada para un privilexio concedido a un fidalgo de provincias, que a documentación da época segue chamando escudeiro, o grao máis baixo da nobreza. Todo isto inclinados a pensar que non só se modificou o contido do privilexio de Murviedro, senón tamén os signos de prestixio que acompañan ao texto para facelo máis críbel: o signo rodado aparece baleiro e sen policromar, o mesmo que os crismóns e as barras que separan as columnas que non existen. Só a letra que, como dixemos non nos di nada porque se usa nun período moi longo, non parece estar en discordancia.

Habería que indagar máis nos confirmadores; estou seguro de que aparecen outras contradicións pero, para min, xa hai dabondo para considerar o documento alterado. En todo caso, o privilexio de Murviedro só lle concede a Fernán Pérez de Andrade, *O Boo*, a freguesía de Santa María de Naraío e non Pontedeume -non hai un só dato, por outra parte, que nos invite a crelo- nin Vilalba que era de Fernando Ruíz de Castro como afirma o privilexio de 1373 ao que xa aludimos, amén de outros moitos datos.

Desde o punto de vista historiográfico non é posíbel, polo menos cos datos que hoxe temos, pensar na posibilidade de que o privilexio de Murviedro incluíra Pontedeume e Vilalba. O texto do documento foi alterado con fins que se nos escapan como moitísimos outros documentos menos importantes e máis importantes na Idade Media. A falsificación de documentos estaba á orde do día, polo tanto non é nada do outro mundo pensar que este documento fose alterado como eu así creo que o demostro. Afirmar o contrario cos datos que temos, sempre que non se aporten outros, parécenos pouco ético. No noso apoio citamos soamente dúas recentes achegas de María Jesús Vázquez⁸⁷ e María Inés Harzolio⁸⁸, afirmando que como recompensa polo seu comportamen-

85. L.V. DIAZ MARTÍN, *Pedro I, 1350-1369*, Palencia, Deputación provincial, 1995, p. 271- 274.

86. P. LÓPEZ DE AYALA, *crónica del rey don Pedro*, ano X, cap XXII, p. 108.

87. María Jesús VÁZQUEZ, "Aportaciones al estudio de la nobleza gallega en el Medievo: la Casa de Andrade" *Estudios Mindonienses*, nº 6, Ferrol, 1990, p.799.

88. "Apuntes sobre las rentas de los señorios gallegos de los siglos XIII al XVI!", anexo de *Cuadernos de Historia de España*, Buenos Aires, 1998.

to na guerra de Aragón, Pedro I dálle a Fernán Pérez de Andrade o morgado de Naraío, en 1364 asegurando que non ten lugar a afirmación de que Pontedeume fora dada ao de Andrade por Pedro I e non por Henrique II.

A HISTORIOGRAFÍA E A FIGURA DE FERNÁN PÉREZ DE ANDRADE NO ACONTECER POLÍTICO EN GALICIA

Despois de disertar sobre o carácter volúbel do comportamento público de Fernán Pérez de Andrade e precisar que o privilexio de Murviedro deberíamos entendolo soamente referido á freguesía de Santa María de Naraío, réstannos algunhas consideracións finais basicamente de carácter historiográfico en parte tamén motivadas polo artigo ao que nos vimos referindo desde o principio deste traballo. En primeiro lugar, considero que a sacralización que se fai do profesor Díaz Martín, e do mesmo Ayala, é excesiva. Pode suscitar certas susceptibilidades porque en Galicia hai moitos historiadores que tocaron o tema e se descoñecen como López Ferreiro, Ángel Rodríguez, García Oro, Ermelindo Portela, Anselmo López e Carmen Pallares, por citar algúns dos que coñecen a Galicia medieval bastante mellor que o profesor valisoletano; incluso algún deles con traballos específicos do rei Pedro I. Por moito que un se esforce volven a rexurdir vellos prexuízos (prexulgar) -que se poden converter en prexuízos (prexudicar)- no tocante á consideración do feito galego. O profesor Díaz Martín foi un personaxe eminente desde a perspectiva historiográfica, pero non parece achegar gran cousa respecto á Idade Media Galega como amosa coa inclusión do documento de Murviedro de maneira xa comentada, sen o máis mínimo comentario crítico.

Por outra parte, está o problema de Ayala e a figura de Pedro I, que se está hoxe revisando e que daría para todo un tratado. Baste dicir que un historiador meseteiro, Valdeón Baroque, publicou recentemente un libro sobre a figura de Pedro I que revisa parcialmente a figura deste monarca e maila de Pero López de Ayala, un home profundamente comprometido co rebelde Henrique de Trastámara de quen recibiu despois do triunfo final os máis grandes cargos e privilexios elevándoo á nobreza dos grandes de Castela⁸⁹. Ninguén nega a valía da súa obra escrita, incluíndo a de contido histórico, pero a súa parcialidade na contenda dinástica entre Pedro I e seu irmán bastardo, Henrique, faino pouco fiábel en moitos dos pasaxes e, en todo caso, nótase a súa parcialidade nos toques de crueldade que adorna a don Pedro incluso cando era pouco máis que un neno, mentres loa a continuada porfía de Henrique e os seus irmáns, todos bastardos de Afonso XI, por destronar ao rei lexítimo desde o mesmo momento de subida ao trono.

Este *introito* digamos historiográfico sérvenos para concluír afirmando que o triunfo dos trastamaristas para a Coroa de Castela e, especialmente para Galicia, foi un desastre, non tanto porque os tempos pasados foran idílicos, que non o foron, senón porque Galicia perde poder no conxunto da Coroa sendo alí agora representada por nobres de orixe castelán que someten a nosa terra galega ao que García Oro denominou de verdadeiro proceso de colonización. O proceso é inherente e vai acompañado do fenómeno de reseñorialización. Concellos que dende séculos viñan loitan-

89. César GONZÁLEZ MÍNGUEZ, "Una lectura democrática de la Crónica de Pedro I" en *Poder y sociedad en la Baja Edad Media*; T. I, Valladolid, 2002, pp. 185/186.

do pola súa independencia respecto dos señores eclesiásticos, como Santiago, Lugo, Ourense, Mondoñedo, Tui, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Noia, etc... quedan firmemente suxeitos ao dominio señorial dos bispos, rachando co proceso de crecemento económico e de liberdade urbana. Este mesmo proceso afecta a outras vilas e cidades, sometidas ao dominio señorial leigo como Ribadavia, Santa Marta de Ortigueira, Ribadeo, así como Ferrol e Pontedeume, onde Fernán Pérez de Andrade, ao mesmo tempo que consolida a súa liñaxe como das importantes de Galicia grazas ao triunfo dos Trastámara, contribúe ao proceso de reseñorialización e colonización aludido. Por iso, cando estudamos este tipo de personaxes, debemos falar das súas numerosas facetas. Fernán Pérez de Andrade foi un gran cabaleiro, basicamente para si mesmo e para os da súa liñaxe, en absoluto para os que foron os seus vasallos e os seus súbditos, que eran libres na súa maioría antes de 1369, nin para o conxunto de Galicia á que contribuíu, como se dixo máis arriba, a colonizar e reseñorializar. Non obstante, tivo aspectos moi positivos como as numerosas obras emprendidas por el así como o seu claro mecenado -outro trazo prerrenacentista- feitos que o elevaron a unha categoría relevante dentro da xeneralizada mediocridade da chamada nobreza dos cabaleiros á que el mesmo pertencía, e incluso dentro da nobreza trastamarista.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

A controversia historiográfica sempre foi un motivo de enriquecemento da Historia, dado que esta non é unha ciencia exacta e moitas veces son necesarias interpretacións distintas, incluso contrapostas ou correctoras de erros que sempre se cometen na interpretación dos feitos. No que nunca debemos caer, e non debemos permitir, é a interpretación aleatoria, manipulación dos datos ou os xuízos inquisitoriais, e moito menos como se pode dar neste caso, utilizar a crítica con fins alleos ao progreso da propia Historia en artigos nos que resulta moi difícil dar coa súa finalidade.

Por outra parte, non se pode ser ao mesmo tempo xuíz e parte e comprometer o proxecto dunha revista como *Cátedra*, -proxecto do que eu participei algún tempo- con alusións susceptibles de ser interpretadas de forma equívoca en relación á boa sona de persoas e traballos, que sen ser criticados abertamente déixase caer unha indirecta e teimada descualificación sexa esta pretendida ou indesexada.

Desde aquí, como colaborador ocasional da revista arriba citada, permítome suxerir que estas cuestións deberían tratarse con moita delicadeza porque a revista sostense con medios públicos e non está para teimas nin para liortas persoais. En defensa do traballo realizado, vinme na obriga de adicarlle unha cantas horas a redactar estas liñas que non pretenden ser de réplica senón de reafirmación e que, en todo caso, me vin impelido a realizar. De todos os xeitos, como a verdade termina sempre por abrise paso, como o sol que sempre termina por despexar a néboa e o bosque termina por acadar todo o seu protagonismo fronte ás árbores, non quero aburrir á xente con máis andainas como esta; non penso adicarlle nin un só minuto máis do meu prezado tempo a estas cousas. A única controversia aceptábel é a controversia histórica.

